

IV Congreso

CLMNTK11

<http://congresovirtual.climantica.org>

NOVA
CONVOCATORIA
2011

CONVOCATORIA
DO **IV CONGRESO**
CLMNTK E DOS
SEUS **PREMIOS**

XA SOMOS MÁIS
RECUPERANDO O PLANETA



XUNTA DE GALICIA



CONVOCATORIA DO **IV CONGRESO CLMNTK** E DOS SEUS **PREMIOS**

Co obxectivo de sensibilizar sobre o problema do cambio climático e promover actitudes máis sostibles co medio, a Consellería de Medio, Territorio e Infraestruturas en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, convoca o IV Congreso CLMNTK e os Premios Climántica para estudantes de Educación Primaria, ESO, Bacharelato, Ciclos Formativos e Universidade, que dan continuidade, ao **III Congreso CLMNTK** (📄), celebrado en Pontevedra o pasado ano, e aos seus **premios** (📄). Como novidade, este ano o Congreso acollerá estudantes doutras comunidades autónomas e de Portugal os que así mesmo, poderán tamén optar aos premios finais.

Poderán participar todos os estudantes matriculados en calquera centro educativo no curso 2010-2011, e o prazo de presentación de traballos queda aberto dende a data de comunicación na web de Climántica ata o 31 de maio do 2011. Esta cuarta edición vai ter un carácter virtual e polo tanto os traballos terán que ser subidos á páxina **web do congreso** (📄) antes das 24 horas do último día de prazo. Dentro do apartado **“Como participar?”** (📄) encóntranse seis titoriais (dous por nivel) en **vídeo** (📺) e en formato **pdf** (📄) con todos os pasos a seguir para cargar os traballos na plataforma, segundo sexa formato de documento (pdf, Powerpoint, Word, OpenOffice), imaxe ou vídeo.

Todos os traballos se publicarán no n.º 4 da **revista CLMNTK** (📄) e os da categoría multimedia, ademais, poderanse ver na sección **Alumnos** (📄) do apartado Biblioteca de climantica.org.

Os traballos que optan á categoría de premios xerais, consistentes en campamentos ambientais de verán, deberán realizarse de forma individual ou por parellas. Os que superen o número de dous, incluíranse na categoría de premios especiais a grupos grandes: teatro, dramatizacións, coros, etc.

Os traballos terán que ver coas temáticas do proxecto e tomarán como referencia os seguintes xéneros:

1. Relatos
2. Poesía
3. Curtos cun guión ambiental
4. Vídeos musicais
5. Vídeos de obras de teatro
6. Fotografía comentada
7. Banda deseñada
8. Presentacións
9. Póster
10. Debuxos
11. Reportaxes multimedia
12. Xogos e pasatempos



PREMIOS POR TRABALLOS PRESENTADOS AO IV CONGRESO

Sistema de votacións e puntuacións.

13. Ao tratarse dunha convocatoria virtual, as votacións terán lugar a través de Facebook.
14. Deste modo, os usuarios da web poderán elixir os seus favoritos dende o momento da publicación dos traballos ata a data de finalización (31 de maio).
15. A plataforma dará cumprida información sobre o ranking de resultados, baseándose nas valoracións semanais do xurado (entradas máis valoradas), por un lado, e no número de votos a través de Facebook por outro (entradas máis populares).

Na valoración terase en conta tanto a votación dos **usuarios da páxina web do Congreso (40%)** como a puntuación outorgada por un **xurado formado por educadores (60%)** que emitirán a súa valoración baseándose nos seguintes criterios:

1. Que exista unha relación clara co proxecto.
2. Orixinalidade.
3. Elaboración rigorosa.
4. Capacidade de sensibilización.
5. Grao de madurez na elaboración técnica.
6. Que se mostre relación entre os diferentes coñecementos e a comprensión destes.

Premios.

Todos os traballos participantes serán publicados na páxina web do Congreso e recibirán un diploma de participación e autoría.

Os autores dos traballos máis populares (máis de 20 votos), obterán ademais unha camiseta, un caderno, un bolígrafo, un cómic e unha novela do proxecto Climántica.

Os premios xerais (traballos individuais ou por parellas) serán outorgados a un máximo de **oitenta e dous autores**, repartidos segundo os diferentes niveis educativos, e consistirán en **campamentos ambientais de verán**.

Os premios especiais (traballos en grupos de tres ou máis membros) concederanse a un máximo de **cincuenta participantes** e estarán baseados nun **itinerario ambiental por Galicia** que terá lugar o **20 de xuño**.

Premios xerais: Campamentos ambientais de verán por niveis e etapas educativas (traballos individuais ou por parellas)

Estes premios faranse públicos na web principal de Climántica o día 5 de xuño de 2011.

- Premio xeral de ESO, Bacharelato e Ciclos formativos a **40 alumnos**. O premio consistirá nunha **estanza de 5 días** que inclúe todos os gastos dende a saída en autobús dende Santiago o día 22 de xuño ata o regreso a esta mesma cidade o 26 de xuño de 2011. Tanto a estancia coma as actividades desenvolveranse en equipamentos da Dirección Xeral de Xuventude de la Xunta de Galicia, a cal colaborará cubrindo os gastos de manutención xerados no campamento.
- **A estancia** (☞) seguirá a mesma metodoloxía que o ano anterior: haberá un programa de actividades deseñado para estimular a convivencia, o traballo en equipo e a creatividade mediante actividades náuticas, de astronomía, e de orientación, pequenos proxectos de expresión artística en grupos de traballo, investigacións, xogos e reunións nocturnas. Ao finalizar o devandito campamento, outorgarase un diploma acreditativo coas actividades de formación realizadas.

NOVA
CONVOCATORIA
2011

O 25% destas prazas (10) queda reservado a estudantes doutras comunidades autónomas e/ou Portugal que queden dentro dos 40 mellores traballos, sendo o 75% restante para alumnos de centros galegos.

En calquera caso, os únicos desprazamentos que quedan cubertos para todos os premiados, en calquera das modalidades, son os de ida e volta entre Santiago e o lugar do equipamento onde se desenvolverán os campamentos, que se dará a coñecer nesta web e mediante correo electrónico a todos os premiados. En caso de que ningún traballo realizado fóra de Galicia logre alcanzar esta posición, a totalidade das prazas serían para estudantes galegos.

- Premio para estudantes de Primaria a **30 alumnos** escolarizados en centros de Galicia. O premio consistirá nunha **estanza de 4 días** que inclúe todos os gastos dende a saída en autobús dende Santiago o día 27 de xuño ata o regreso a esta mesma cidade o 30 de xuño de 2011. Tanto a estanza coma as actividades desenvolveranse en equipamentos da Dirección Xeral de Xuventude da Xunta de Galicia, a cal colaborará cubrindo os gastos de manutención xerados no campamento.

Como en anos precedentes, neste campamento infantil desenvolveranse talleres, xogos, obras de teatro e actividades na natureza, entre outras.

Ao finalizar o devandito campamento, outorgares un diploma acreditativo coas actividades de formación realizadas.

- Premio xeral para estudantes universitarios a **12 estudantes** de grao ou posgrao. Os estudantes serán premiados polas súas colaboracións de contido á plataforma **Wiklimántica** (□).

O xurado e os criterios son os mesmos que para o resto de ensinanzas, e para a valoración teranse en conta tanto os proxectos creados coma o valor dos diálogos con expertos, as melloras doutros proxectos e as críticas construtivas achegadas. Os gañadores colaborarán no deseño e aplicación de actividades formativas para os campamentos de primaria e secundaria, como educadores en prácticas, o que lles supoñerá unha **certificación de 50 horas de formación**.

O 33% das prazas (4) quedan reservadas para estudantes doutras comunidades autónomas e/ou Portugal que queden dentro dos 12 mellores traballos, mentres que o 67% restante se cubrirá con alumnos de centros galegos. En caso de que ningún traballo realizado fóra de Galicia logre alcanzar esta posición, a totalidade das prazas serían para estudantes galegos.

Para a adxudicación das devanditas prazas terase en conta o posto obtido polo traballo e a súa elección do campamento de primaria ou secundaria.

CLMNTK

EU APRENDO
EU CAMBIO₂
Se ti cambias, o clima tamén.